



Principios Organizativos

PODEMOS



Principios Organizativos

PODEMOS

ÍNDICE

PREÁMBULO	7
1. PARTICIPACIÓN	7
2. TRANSPARENCIA, INDEPENDENCIA FINANCEIRA E CONTAS CLARAS	8
3. CONTROL DEMOCRÁTICO	9
TÍTULO I: PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS	11
TÍTULO II: ESTRUCTURA ESTATAL	13
CAPÍTULO 1. A ASEMBLEA CIDADÁ	13
CAPÍTULO 2. O CONSELLO CIDADÁN	17
CAPÍTULO 3. LA SECRETARIA GENERAL	22
CAPÍTULO 4. A COMISIÓN DE GARANTÍAS DEMOCRÁTICAS	23
TÍTULO III: ESTRUCTURA TERRITORIAL	25
CAPÍTULO 1. ASEMBLEAS CIDADÁS TERRITORIAIS	25
CAPÍTULO 2. . CONSELLOS CIDADÁNS TERRITORIAIS	29
CAPÍTULO 3. SECRETARÍA XERAL TERRITORIAL	29
TÍTULO IV: CÍRCULOS	30
CAPÍTULO 1. OBXECTO E DEFINICIÓNS	30
CAPÍTULO 2. COMPETENCIAS DOS CÍRCULOS	32
CAPÍTULO 3. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS DOS CÍRCULOS	35
TÍTULO V: ADMINISTRACIÓN E CONTROL DEMOCRÁTICO	39
DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS	40
ANEXO I: PROCEDEMENTOS DA ASEMBLEA CIDADÁ	43
ANEXO II: CONVOCATORIA DE DEBATES NOS CONSELLOS CIDADÁNS	47
MÓDULO 1: FERRAMENTAS DE ORGANIZACIÓN EN REDE PARA CÍRCULOS PODEMOS	49
MÓDULO 2: FINANCIAMENTO	51
MÓDULO 3: CONTROL DEMOCRÁTICO	63

PREÁMBULO

Podemos, como plataforma de empoderamento popular e cidadán, pretende ser a panca do cambio político neste país, o instrumento para a recuperación da nosa soberanía. Aínda que os éxitos recollidos en moi poucos meses fosen notables, os verdadeiros retos están aínda por chegar. Tras anos de constantes derrotas, é fácil sucumbir ao espellismo de que chegamos xa ao máis alto, pero non, Podemos non naceu para ser unha forza testemuñal máis ou menos influínte, senón para que os cidadáns e as cidadás recuperemos dun modo efectivo o control democrático sobre as nosas institucións e os nosos destinos. Para iso é imprescindible que nos dotemos dun proxecto integral no que os principios éticos, políticos e organizativos se articulen dun xeito coherente. Só así lograremos unha verdadeira alternativa de país.

En canto aos principios organizativos, resulta imprescindible manter os sinais de identidade que nos trouxeron ata aquí: apostar pola **participación cidadá**, o compromiso coa **transparencia** e as contas claras, e a esixencia de control democrático.

1. PARTICIPACIÓ

A participación cidadá constitúe un dos principais sinais de identidade de Podemos. A aposta pola participación e a Democracia (sen participación é difícil falar de verdadeira democracia) implica necesariamente unha redefinición real do rol do político e das organizacións políticas, a saber: o político convértese, dende esta concepción, nun axente da participación da cidadanía nun proceso permanente de empoderamento progresivo. Non cabe así pensar nunha distinción entre militantes e cidadáns, entre un dentro e un fóra da política, aspirando así, cada vez máis, a sumar un maior número de cidadáns á análise, á decisión e á xestión do público.

Dende hai poucos meses estámonos enfrontando a un reto inédito na historia política do noso país: desenvolver formas de participación capaces de articular a participación de decenas de miles de persoas, e que eses espazos participativos se convertan no núcleo fundamental do partido. Que a participación sexa real tanto no seu desenvolvemento como nos seus efectos, e que o faga incluíndo a calquera cidadán, sen ningunha barreira, sen ningunha distancia.

Puxemos en marcha a **Praza Podemos**, un espazo de debate e deliberación onde, entre todos, decidimos acerca do que nos importa e onde fabricamos xuntos as ideas, proxectos e propostas que serán unha peza fundamental do cambio político. Apostamos, para cada un dos Círculos, por espazos de debate e consenso como Loomio, para que todo Podemos sexa transparente e participativo.

Lanzamos un **Banco de Talentos** para que calquera persoa poida participar activamente nun partido político, sen pasar por mecanismos de exclusión e, en menos dun mes, activarase esta ferramenta en todos os Círculos para que a poidan utilizar e reforzar con ela os seus equipos.

Implementamos canais de comunicación e decisión rápida como **Appgree**, onde poder construír consensos e maiorías de xeito sinxelo, seguro e efectivo. Nun prazo moi curto teremos a nosa propia aplicación de Appgree, onde poder ir creando máis canles de comunicación, coa intención de que en poucos meses todos os Círculos poidan dispor dun.

Introducimos o concepto -e a práctica- de #RuedaDeMasas, onde por primeira vez as entrevistas son reais e sen intermediarios, nun espazo no que a cidadanía é quen decide as preguntas. Este formato tamén se implementa na canle #PreguntaAPodemos, onde a comunicación é continua.

A nosa idea é crear **equipos de participación territorial** por todo o Estado co fin de diminuír progresivamente a brecha tecnolóxica, de xeito que poidamos levar aos Círculos todos os debates que se están a producir nos distintos espazos de participación e deliberación, e viceversa: que todo aquilo que se produza nos Círculos chegue alto e claro ás redes e ás rúas.

Neste mesmo sentido, os participantes de Podemos son a columna vertebral do partido. Serán polo tanto os Círculos e a xente os principais promotores de iniciativas, debates e consultas cidadás que definirán a acción de Podemos no próximo ciclo político.

A aposta de #ClaroQuePodemos é seguir avanzando nesta dirección, ampliando sen cesaros mecanismos de participación democrática e o inmenso e imparabile proceso de empoderamento cidadán que se puxo en marcha, porque xuntos e xuntas, Claro que Podemos!

(No Módulo 1 desenvolveranse máis detalladamente as propostas de participación).

2. TRANSPARENCIA, INDEPENDENCIA FINANCEIRA E CONTAS CLARAS. «DEBÉMONOS Á XENTE»

A transparencia e a independencia son parte fundamental do ADN da xestión financeira de Podemos porque consideramos que ambos principios constitúen unha demanda transversal da sociedade cara aos partidos políticos e á administración pública.

Cremos na transparencia, a rendición de contas e os mecanismos de control para acabar coa opacidade e o secretismo que caracterizaron o financiamento dos partidos do réxime do 78 e que ampararon as súas prácticas corruptas. Dende o noso nacemento asumimos o compromiso de que as **nosas contas** sexan **públicas e doadamente accesibles**. A transparencia, a rendición de contas e o escrutinio público da nosa actividade como iniciativa política son o reflexo dos mecanismos que deben definir no futuro inmediato ás administracións públicas e ás distintas institucións do Estado.

Por outro lado, consideramos que as dependencias financeiras xeran dependencias políticas. Por iso non so é necesario garantir a transparencia das contas, tamén debemos garantir a nosa **independencia financeira**. Non imos aceptar o endebedamento coa banca nin con grandes doazóns de persoas e empresas que poidan condicionar o noso discurso e hipotecar as nosas propostas. Confiamos en que co respaldo de moitos Podemos acabar co saqueo duns poucos.

Para garantir estes principios, o Equipo de Financiamento que estivo traballando até agora en Podemos, coordinará, xunto ás persoas involucradas no financiamento dos Círculos, un **Protocolo de Financiamento e Contas Claras** que formará parte orgánica deste documento e que poderá consultarse na nosa web.

Este protocolo incluírá unha proposta de integración territorial do aparato financeiro que permita a transferencia de recursos dende o xeral ao local e viceversa, e que á vez posibilite que sigamos sendo fieis aos nosos principios, garantindo sempre o máximo rigor no control interno da nosa actividade financeira.

En cumprimento da lei de financiamento de partidos, o Equipo de Financiamento desenvolverá un **modelo de informe de control interno** que determinará os mecanismos de control e transparencia do financiamento a todos os niveis organizativos. Ademais deberá definir as vías para elevar reclamacións e denuncias coas máximas garantías.

Neste documento propóranse as canles para habilitar a posibilidade de que as unidades organizativas resultantes da Asemblea Cidadá poidan xestionar ingresos e pagos

en nome de Podemos, minimizando sempre os riscos para toda a organización. Teranse en conta os criterios de prudencia e profesionalidade na distribución de responsabilidades contables e financeiras.

Por último, desenvolveremos tamén unhas **liñas mestras sobre os orzamentos e os gastos internos** do partido baseadas nos principios de economía e eficiencia. Isto servirá para garantir a homoxeneidade de criterios, evitar o desperdicio e, en definitiva, optimizar o aproveitamento dos recursos que a cidadanía inverte neste proxecto.

(No módulo 2 desenvolveranse máis detalladamente as propostas de financiamento).

3. CONTROL DEMOCRÁTICO

Os representantes políticos son servidores públicos que asumen un contrato cos seus electores e a cidadanía para traballar polo ben común. Na medida en que concentran maior poder que as persoas representadas, han de ser fiscalizados e controlados constantemente polos seus electores mediante mecanismos operativos de rendición de contas, de avaliación, de revogación de cargos, etc. garantindo así que non se forman estratos privilexiados e inamovibles na organización, e que a vontade maioritaria dos participantes en Podemos está fielmente representada en todos e cada un dos seus órganos.

Podemos aposta firmemente pola transparencia e a rendición de contas de todos os cargos públicos. Para iso, puxémonos en contacto co equipo de **«quehacenlosdiputados.net»**, co fin de implementar a súa aplicación de control democrático en Podemos e desenvolver o noso propio portal de rendición de contas.

Cremos que a actividade parlamentaria de calquera cargo público debe ser de fácil acceso e visualización para toda a cidadanía, así como a súa retribución económica e o seu patrimonio. Por iso, aparte das intervencións ou as votacións, incluírase o salario e o destino da parte que doe, o uso das asignacións públicas, a declaración de bens e a situación de contas bancarias, para garantir que os nosos representantes non utilizan os cargos públicos para lograr un lucro privado.

Unha correcta e completa exposición da nosa actividade pública é, aparte dunha promesa electoral, unha condición necesaria para asegurar que os representantes electos traballan para e pola cidadanía.

(No módulo 3 desenvolveranse máis detalladamente as propostas de control democrático).

TÍTULO I: PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

Artigo 1. Podemos é unha organización política orientada a promover e **defender a democracia e os dereitos humanos** en todos os ámbitos da sociedade. Podemos organízase de maneira democrática e fomenta o debate e a participación aberta, respectuosa e directa de todos os seus membros na toma de decisións da organización.

Artigo 2. Podemos utiliza todas as **ferramentas presenciais e telemáticas** ao seu alcance para promover o empoderamento cidadán dentro e fóra da organización, e a participación directa da xente na toma de decisións públicas e políticas.

Artigo 3. Todas as persoas que sexan membros de Podemos teñen voz e voto, sen

que caiba discriminación algunha por razóns de nacionalidade, lugar ou país de procedencia, aspecto físico, liñaxe, orixe étnica, idioma, discapacidade, idade, opinión política ou de calquera outra índole, crenzas relixiosas, sexo, preferencias sexuais, formación, estado civil e familiar, condición ou situación económica. Co obxecto de garantir o exercicio deste dereito Podemos propiciará o uso de todas as linguas do Estado, impulsará a accesibilidade de todos os seus espazos e documentos, estimulará a formación, facilitará a conciliación coa vida familiar e laboral, e promoverá a diversidade. O voto de todos os integrantes de Podemos ten o mesmo valor cuantitativo (**unha persoa, un voto**) e cualitativo (non existen votos cualificados), sen que poida sufrir ningunha alteración o principio de igualdade política.

Artigo 4. En Podemos todo o mundo ten dereito ao exercicio do sufraxio activo (elixir) e pasivo (ser elixido/a, co único requisito da maioría de idade) en todos os niveis da organización, coas limitacións definidas polo noso código ético e os regulamentos que neste sentido se establezan.

Artigo 5. Podemos promove o xénero como único correctivo ao exercicio do dereito ao sufraxio pasivo (ser elixido/a). Os órganos colexiados de Podemos terán unha representación de mulleres e homes que non debe situarse fóra do ratio 40/60 para cada xénero. Co obxecto de garantir o exercicio do dereito de igualdade, propiciárase a remoción de obstáculos que puideran limitar a participación activa de ambos xéneros. En particular os órganos executivos de Podemos deberán presentar un Plan Anual que recolla estas iniciativas e que en calquera caso incluírá un plan de conciliación coa vida familiar e a figura da excedencia por coidado de fillos/as.


Artigo 6. A unidade básica de organización de Podemos é o Círculo. O Círculo é a ferramenta coa que Podemos promove a participación, o debate e a relación activa coa sociedade. Para a constitución, organización, desenvolvemento e funcionamento interno do Círculo atenderase ao disposto no Protocolo de Validación e Recoñecemento de Círculos aprobado ao efecto como parte destes estatutos.

Artigo 7. A elaboración dos programas electorais, a confección das listas de candidatos e candidatas aos órganos de representación institucional, a elección de portavoces ou de membros dos Consellos Cidadáns de Podemos levarase a cabo, de acordo a estes Estatutos, ao Documento e os Regulamentos de Principios Éticos establecidos e sempre de maneira aberta a todas as persoas que compoñen Podemos no ámbito territorial correspondente. Abriranse sempre procesos de debate cidadán sobre os contidos dos programas e utilizaranse as formas refrendarias abertas e cidadás para a selección de candidatos e candidatas concorrentes ás eleccións.

Artigo 8. Podemos é unha organización estatal que actúa con criterios de universalidade, coherencia e responsabilidade. Corresponde á Asemblea Cidadá Estatal (é dicir, a todos os membros de Podemos) ou aos órganos en que delegue, a toma de decisións que afecten ao conxunto de Podemos, calquera que sexa o nivel sectorial ou territorial no que se orixinen esas cuestións. Corresponden á Asemblea Cidadá Estatal, ou aos órganos nos que delegue, todas as decisións relativas ás liñas básicas de acción política xeral, os obxectivos organizativos, as vías de financiamento, a representación e as accións xurídicas, a planificación das estratexias electorais xerais en todos os niveis territoriais, a definición das políticas de acordos ou eventuais alianzas con outros grupos sociais ou políticos, etc. A participación e decisión de todos os membros de Podemos será a que, en última instancia, garantirá sempre a acción coordinada, coherente e responsable da organización en todos os ámbitos territoriais e sectoriais.

Artigo 9. Podemos promove a participación directa de todos os seus membros nos procesos de toma de decisións que afecten de maneira relevante á organización, recorrendo a todas as ferramentas presenciais e telemáticas que poidan ampliar e garantir a participación política democrática. Podemos fomentará todos os espazos presenciais de participación ao tempo que se sustentará en distintas ferramentas informáticas para facilitar a deliberación e a toma de decisións entre todos e todas. A través das accións impulsadas dende todos os niveis da organización e, moi especialmente, dende os Círculos, habilitaranse os mecanismos para facilitar a participación en igualdade de condicións a quen poida ter maiores dificultades de acceso a Internet.

TÍTULO II: ESTRUCTURA ESTATAL




CAPÍTULO 1. A ASEMBLEA CIDADÁ

Artigo 10. Definición

A Asemblea Cidadá, ou Asemblea Cidadá Estatal, é o máximo órgano de decisión de Podemos e exerce as súas funcións de **maneira continua**. Todas as persoas que forman parte de Podemos teñen dereito a participar con voz e voto en todo momento na Asemblea Cidadá de Podemos. Neste sentido, a Asemblea Cidadá arbitrará todos os mecanismos dispoñibles para garantir o exercicio do dereito a voz e voto de todos os inscritos, utilizando para iso todas as ferramentas presenciais (Círculos, espazos de encontro, puntos de votación en prazas e parques, etc.) e telemáticas (<http://plaza.podemos.info>, Loomio, Appgree, plataformas seguras de voto, retransmisións en streaming dos espazos de deliberación presencial, etc.).

Artigo 11. Obxecto

A Asemblea Cidadá, como máximo órgano de decisión de Podemos, deberá ser consultada con carácter preceptivo para todas as decisións de relevancia (fixar liñas estratéxicas, compor listas electorais, elaborar programas, elixir ou revogar os membros dos órganos, aprobar ou rexeitar calquera tipo de pacto pre ou post electoral, modificar estatutos, etc). A Asemblea Cidadá tamén poderá convocar a súa propia lexitimidade (convocarse a si mesma) para cuestións que estime de especial transcendencia, incluída a convocatoria completa dunha Asemblea Cidadá Extraordinaria na que sería posible repensar a estrutura da organización no seu conxunto.



Artigo 12. Composición da Asemblea Cidadá

A Asemblea Cidadá está composta polo conxunto das persoas inscritas en Podemos.

Para inscribirse en Podemos abonda ser maior de 14 años e amosar a disposición a participar na construción deste proxecto e obter un código permanente de votación.

A inscrición en Podemos realizarase a través do enlace:

<https://podemos.info/juntos-podemos/>

A inscrición en Podemos e, con ela, a adquisición de dereitos de participación e sufraxio (activo e pasivo) non implica "afiliación" a Podemos.

Do *Libro de afiliados* (que como esixencia legal debe rexistrarse no Ministerio do Interior) formarán parte so aqueles inscritos que, con posterioridade á Asemblea, manifesten que son maiores de idade e que dan o seu consentimento expreso a quedar rexistrados no *Libro de afiliados*, sen que iso lles proporcione ningún tipo de dereito ou deber privilexiado de participación respecto ao resto dos inscritos.

Artigo 13. Competencias da Asemblea Cidadá

A Asemblea Cidadá é o máximo órgano de decisión en Podemos e, polo tanto, correspóndelle plena soberanía respecto a todas as cuestións de especial relevancia para o conxunto da organización.

As decisións de calquera Asemblea serán vinculantes e non poderán ser revogadas máis que pola mesma Asemblea ou por outra Asemblea de ámbito territorial superior.

a) Serán competencias exclusivas e intransferibles da Asemblea Cidadá:

- 1.** Determinar a liña política xeral de Podemos.
- 2.** Elaborar, mediante un proceso de primarias abertas e cidadás, as listas electorais para optar a cargos públicos (dende o primeiro até o último candidato da lista) para as institucións de representación de carácter estatal.
- 3.** Aprobar ou rexeitar calquera tipo de pacto ou alianza pre ou post electoral para as institucións de representación de carácter estatal e en espazos territoriais menores cando puideran afectar á estratexia xeral de Podemos.
- 4.** Aprobar os programas electorais definitivos (tras un proceso de elaboración participativa e o preceptivo informe de viabilidade económica).
- 5.** Elixir e revogar o Secretario/a Xeral.
- 6.** Elixir e revogar o Consello Cidadán ou calquera dos seus membros.
- 7.** Elixir e revogar ao Comité de Garantías Democráticas ou a calquera dos seus membros.
- 8.** Aprobar os estatutos e as súas modificacións.

b) Altres competencias:

Ademais das cuestións recollidas no punto anterior, respecto ás que, por imperativo estatutario, non se poderá en ningún caso deixar de consultar con carácter vinculante, a Asemblea Cidadá poderá ser convocada con carácter permanente e vinculante respecto a calquera asunto que se considere de especial relevancia.

Artigo 14. Procedementos para convocar a Asemblea Cidadá

A Asemblea Cidadá será convocada:

a) De forma automática:

Para calquera dos asuntos referentes ás competencias exclusivas e intransferibles da Asemblea Cidadá. A organización técnica do proceso correspóndelle ao Consello Cidadán. A Comisión de Garantías Democráticas velará polo cumprimento desta esixencia.

b) Ademais poderá ser convocada de forma permanente, respecto a calquera outro asunto que se considere relevante:

Poderá convocar unha **Consulta Cidadá** con carácter vinculante (a todos os inscritos):

1. O/a Secretario/a Xeral.
2. Maioría simple do Consello Cidadán Estatal.
3. Un 10 % dos inscritos en Podemos ou un 20 % dos Círculos validados. (Conforme ao establecido no Anexo I).

Poderá convocar unha **Consulta Revogatoria** con carácter vinculante (a todos os inscritos):

1. O/a Secretario/a Xeral.
2. Maioría simple do Consello Cidadán Estatal.
3. Un 20 % dos inscritos en Podemos ou un 25 % dos Círculos validados. (Conforme ao establecido no Anexo II).

As consultas revogatorias só poderán convocarse unha vez transcorrida a metade do mandato do cargo sobre o que se instrúe o procedemento.

Non poderá convocarse máis dun procedemento revogatorio en cada mandato dun cargo orgánico.

Poderá ser convocada unha **Asemblea Cidadá Extraordinaria** (presencial):

1. O/a Secretario/a Xeral
2. Maioría cualificada de 3/5 do Consello Cidadán Estatal.
3. Un 25 % dos inscritos en Podemos ou un 30 % dos Círculos validados. (Conforme ao establecido no Anexo I)

No caso de inicio dun procedemento de consulta por parte do corpo de electores, elixirase unha ponencia da consulta/Asemblea Extraordinaria que deberá garantir que a proposta de debate estea avalada por, cando menos, dous técnicos cualificados na materia.

Artigo 15. Asemblea Cidadá (Ordinaria ou Extraordinaria)

Para a modificación substancial dos principios políticos, organizativos ou éticos e para a elección completa dos órganos de dirección, será necesario a convocatoria dunha Asemblea Cidadá Estatal Ordinaria ou Extraordinaria que incluírá necesariamente momentos de deliberación presencial.

En ningún caso poderán transcorrer máis de 3 anos entre Asembleas Cidadáns Estatais. Unha vez transcorrido este prazo, a Asemblea Cidadá convocarase con carácter automático. A organización técnica do proceso corresponderalle ao Consello Cidadán. A Comisión de Garantías Democráticas velará polo cumprimento desta esixencia. A Asemblea convocada por este procedemento denominarase **Asemblea Cidadá Ordinaria**.

En calquera momento, segundo os mecanismos establecidos no artigo anterior, poderá convocarse unha Asemblea Cidadá Extraordinaria coas mesmas competencias. En ningún caso poderá transcorrer menos dun ano entre **Asembleas Cidadás Extraordinarias**.

Artigo 16. Portavocías

Todos e cada un dos membros de Podemos poderán exercer de Portavoces en virtude da posición que ocupen en cada caso na estrutura da organización: inscritos, colaboradores, membros do Banco de Talentos, participantes activos nun Círculo, membros de Áreas ou comisións de traballo, membros de Consellos Cidadáns Municipais, Secretarios/as Municipais, membros de Consellos Cidadáns Autonómicos, Secretarios/as Autonómicos, membros do Consello Cidadán Xeral, Responsables de Áreas, da Comisión de Garantías Democráticas, Secretario/a Xeral e cargos electos, coas seguintes condicións:

- a)** Facer constar expresamente a condición en virtude da que se exerce a tarefa de portavocía e sen exceder o ámbito concreto das súas competencias.
- b)** Exercela, como membro de Podemos, en sintonía cos principios éticos, políticos e organizativos establecidos entre todos e todas e dun xeito coordinado coas Áreas de Comunicación responsables en cada caso.

CAPÍTULO 2. O CONSELLO CIDADÁN

Artigo 17. Composición do Consello Cidadán

O Consello Cidadán, ou Consello Cidadán Estatal, é o órgano de dirección política de Podemos con funcións executivas. As tarefas executivas diarias serán desenvolvidas, no marco das súas respectivas responsabilidades, polas distintas áreas das que se compoñe o Consello Cidadán. É responsabilidade do/a Secretario/a Xeral garantir, no desenvolvemento diario, a coordinación entre as distintas áreas executivas (tarefa para a que se apoiará no Consello de Coordinación).

O Consello Cidadán estará composto por 81 membros:

- O/a Secretario/a Xeral será membro nato do Consello Cidadán e presidirá as súas reunións.
- Os 17 Secretarios/as Autonómicos/as como membros natos.
- Un membro electo directamente polos/as inscritos/as de Podemos residentes no estranxeiro
- 62 membros elixidos directamente pola Asemblea Cidadán cun criterio de corrección de xénero.

Artigo 18. Competencias do Consello Cidadán

- Desenvolver con funcións executivas as decisións aprobadas pola Asemblea Cidadá e aquelas conducentes a desenvolver a liña política de Podemos.
- Convocar a Asemblea Cidadá tanto para todas as cuestións que resulten preceptivas como para calquera outra consulta segundo o establecido no apartado "Asemblea Cidadá".
- Convocar para cuestións de especial transcendencia, se o estima oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior.

- Aprobar o orzamento e a rendición de contas de cada exercicio (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poda esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación).
- Aprobar os orzamentos das campañas electorais e das campañas específicas a nivel estatal (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poda esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación).
- Elaborar e actualizar periodicamente o *Libro de Afiliados* e garantir o cumprimento de todos os requisitos esixidos pola Lei de Protección de Datos.
- Elaborar, debater e aprobar unha memoria de xestión e análise política para presentar, de maneira pública, cada ano.

Artigo 19. Mecanismos para convocar o Consello Cidadán

O Consello Cidadán poderá ser convocado en calquera momento:

- a) A proposta do/a Secretario/a Xeral.
- b) A petición do 25 % do Consello Cidadán.
- c) A petición do 10 % dos inscritos en Podemos ou do 10 % dos Círculos validados.

En ningún caso poderán transcorrer máis de 3 meses entre 2 reunións plenarias do Consello Cidadán. O/a Secretario/a Xeral terá a obriga de convocar o Consello Cidadán antes de que transcorra ese prazo. A Comisión de Garantías Democráticas velará polo cumprimento desta esixencia.


Artigo 20. Funcionamento do Consello Cidadán

O Consello organizarase por Áreas cada unha delas contará cun Responsable de Área.

O Consello Cidadán contará, como mínimo, coas seguintes Áreas:

- Estratexia e campañas.
- Análise social e política.
- Estudos e programa.
- Extensión, organización territorial e Círculos.
- Relación coa sociedade civil e movementos sociais.
- Participación.
- Redes.
- Prensa.
- Anticorrupción, xustiza e xestión pública.
- Dereitos sociais: educación, sanidade e vivenda.


- Formación e cultura.
- Muller e Igualdade.
- Xuventude.
- Economía.
- Ecoloxía e medio ambiente.
- Relacións Internacionais.
- Financiamento e transparencia.



Os responsables de área terán a tarefa de compoñer equipos que garantan a eficacia executiva do seu traballo.

O Consello Cidadán elaborará, por maioría simple, o seu propio regulamento de funcionamento interno (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poida esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación).

O Consello Cidadán nomeará, a proposta do/a Secretario/a Xeral, un Consello de Coordinación de entre 10 e 15 persoas encargado de coordinar o traballo das distintas Áreas e asumir as tarefas executivas mentres non estea reunido o Consello Cidadán.



Artigo 21. Elección do Consello Cidadán

O/a Secretario/a Xeral será elixido/a por sufraxio universal directo da Asemblea Cidadá por maioría a unha volta. O seu mandato terá unha duración de tres anos.

Os/as dezasete (17) Secretarios/as Autonómicos/as serán elixidos/as por sufraxio universal directo da Asemblea Cidadá Autonómica por maioría a unha volta.

O/a representante dos/as inscritos/as en Podemos residentes no estranxeiro será elixido por sufraxio universal directo polos/as inscritos/as en Podemos residentes no estranxeiro. O dereito a participar nesta elección non será incompatible coa pertenza ao censo vinculada ao territorio estatal.

Os sesenta e dous (62) membros restantes elixiranse por un sistema de listas abertas (non necesariamente completas). Cada elector/a poderá mostrar tantas preferencias (non ordenadas) como postos a elixir. Serán membros do Consello Cidadán as 62 persoas máis votadas, introducindo un criterio de paridade de xénero. O seu mandato terá unha duración de tres anos. Os sesenta e dous membros do Consello Cidadán poderán ser revogados mediante un referendo. Para iniciar un proceso de votación destinado a revogar o mandato dun integrante do Consello Cidadán será necesario achegar o aval dun 20 % dos inscritos en Podemos ou un

25 % dos Círculos validados. O Consello Cidadán, actuando de maneira colexiada, será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación que terá que levarse a cabo sobre o mesmo corpo electoral que elixiu ao membro do Consello. Os referendos revogatorios sempre serán de carácter individual.

Artigo 22. Procedementos vinculantes de interlocución entre os Círculos e as Asembleas e Consellos Cidadáns

a) Círculos Territoriais

Os Círculos Territoriais poderán convocar consultas á Asemblea Cidadá de calquera ámbito territorial mediante o seguinte procedemento (segundo o establecido no Anexo I):

- 1.** Elaborar unha proposta escrita avalada por cando menos tres técnicos cualificados na materia.
- 2.** Aprobación da proposta por maioría simple de polo menos un 20 % dos Círculos do ámbito territorial.
- 3.** Aval á proposta dun 20 % dos Círculos ou un 10 % dos inscritos no ámbito territorial do que se trate.

Os Consellos Cidadáns deberán articular mecanismos que garantan que os Círculos Territoriais poidan trasladar iniciativas ao Consello, a través de encontros presenciais e online, sobre cuestións de específica sensibilidade territorial.

Os Círculos Territoriais poderán convocar debates temáticos nos Consellos Cidadáns mediante o seguinte p

Elaborar unha proposta de debate escrita avalada por cando menos dous técnicos cualificados na materia.

Aprobación da proposta por maioría simple de polo menos un 10 % dos Círculos do ámbito territorial do Consello.

Aval á proposta dun 10 % dos Círculos ou un 5 % dos inscritos correspondentes ao ámbito territorial do Consello Cidadán.

O Consello Cidadán, como parte do seu proceso deliberativo, deberá consultar preceptivamente aos Círculos territoriais naquelas materias que sexan do seu especial interese polas temáticas abordadas.

b) Círculos Sectoriais

Os Círculos Sectoriais poderán convocar consultas á Asemblea Cidadá de calquera ámbito territorial mediante o seguinte procedemento (segundo o establecido no Anexo I):

Elaborar unha proposta escrita avalada por cando menos tres técnicos cualificados na materia.

Aprobación da proposta por maioría cualificada de 3/5 do Círculo Sectorial.

Aval á proposta dun 20 % dos Círculos ou un 10 % dos inscritos no ámbito territorial do que se trate.

As Áreas dos Consellos Cidadáns que traten temas sectoriais deberán articular mecanismos que garantan que aqueles Círculos Sectoriais que pola súa especialización temática traten temas de interese homólogo poidan trasladar as súas iniciativas ás devanditas Áreas en encontros presenciais e online.

Os Círculos Sectoriais poderán convocar debates temáticos nos Consellos Cidadáns mediante o seguinte procedemento (segundo o establecido no Anexo II):

- 1.** Elaborar unha proposta escrita avalada por cando menos dous técnicos cualificados na materia.
- 2.** Aprobación da proposta por maioría simple do círculo sectorial.
- 3.** Aval á proposta dun 10 % dos Círculos ou un 5 % dos inscritos no ámbito territorial do Consello Cidadán.

O Consello Cidadán, como parte do seu proceso deliberativo, deberá consultar preceptivamente aos Círculos Sectoriais naquelas materias que sexan da súa competencia, dada a súa especialización.

CAPÍTULO 3. A SECRETARÍA XERAL

Artigo 23. Competencias

Serán competencias do/a Secretario/a Xeral:

- Exercer a representación política e institucional do partido.
- Asegurar a coherencia estratéxica, a unidade organizativa interna e a coordinación das áreas executivas do Consello Cidadán.
- Presidir o Consello Cidadán e o Consello de Coordinación.
- Convocar a Asemblea Cidadá tanto para as cuestións que resulten preceptivas como para calquera outra consulta segundo o establecido no apartado de “Asemblea Cidadá”.
- Convocar para cuestións de especial transcendencia, se o estima oportuno, unha Asemblea de calquera nivel territorial

Artigo 24. Elección do/a Secretario/a Xeral

O/a Secretario/a Xeral será elixido/a pola Asemblea Cidadá de Podemos (o conxunto dos inscritos) mediante sufraxio libre e directo.

O/a Secretario/a Xeral poderá ser revogado/a mediante un referendo convocado a tales efectos. Para iniciar un proceso de votación destinado a revogar o seu mandato será necesario aportar o aval dun 20 % dos inscritos en Podemos.

O Consello Cidadán actuando de maneira colexiada será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación que terá que se levar a cabo sobre o mesmo corpo electoral que elixiu o/a Secretario/a Xeral.

Artigo 25. Consello de Coordinación

O Consello de Coordinación é o equipo no que se apoia o/a Secretario/a Xeral para realizar as súas tarefas, tanto de carácter público como de coordinación interna.

Estará composto por un número de entre 10 e 15 persoas elixidas polo Consello Cidadán a proposta do/a Secretario/a Xeral.

O Consello de Coordinación organizarase internamente en Secretarías establecidas polo Consello Cidadán a proposta do/a Secretario/a Xeral .

Os membros do Consello de Coordinación poderán ser revogados polo/a Secretario/a Xeral, pola maioría absoluta do Consello Cidadán ou pola Asemblea Cidadá mediante un referendo. Para iniciar un proceso de votación destinado a revogar o mandato dun integrante do Consello de Coordinación será necesario aportar o aval dun 20 % dos inscritos en Podemos ou un 25 % dos Círculos validados. O Consello Cidadán actuando de maneira colexiada será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación. Os referendos revogatorios sempre serán de carácter individual.

CAPÍTULO 4. A COMISIÓN DE GARANTÍAS DEMOCRÁTICAS

Artigo 26. Definición

A Comisión de Garantías Democráticas é o órgano encargado de velar polo respecto aos dereitos dos inscritos en Podemos e os principios fundamentais e normas de funcionamento da organización

Artigo 27. Composición e elección de membros

A Comisión de Garantías Democráticas está composta por 5 membros titulares e 5 suplentes elixidos directamente pola Asemblea Cidadá mediante voto directo cun sistema de listas abertas (non necesariamente completas). Cada elector/a poderá mostrar tantas preferencias (non ordenadas) como postos a elixir. Serán membros da Comisión de Garantías Democráticas as 10 persoas máis votadas (5 como titulares e 5 como suplentes). Cando menos a metade dos membros da Comisión de Garantías Democráticas (entre titulares e suplentes) deberán ser xuristas. Nas reunións plenarias, un mínimo de 2 sobre o total dos seus 5 membros deberán ser xuristas

Artigo 28. Funcións da Comisión de Garantías Democráticas

A Comisión de Garantías Democráticas velará polo cumprimento do documento de principios éticos no seu ámbito territorial. As diferentes Comisións de Garantías Democráticas xunto á Comisión Estatal poderán acordar un Regulamento sobre principios éticos concretos e aspectos circunstanciais esixibles ás persoas tanto de forma previa á súa designación como parte dunha candidatura a primarias como, con posterioridade, a aquelas outras que xa ostenten cargos de calquera tipo pola súa pertenza a Podemos, que incluírán sempre o procedemento para o facer cumprir.

Artigo 29. Funcionamento

A Comisión de Garantías Democráticas actuará de oficio ou a petición de calquera membro inscrito ou órgano do partido a través dun procedemento áxil e flexible do que sempre constará expediente escrito. Resolverá de forma motivada e acorde con estes Estatutos, o docu-

mento de principios éticos, os regulamentos e acordos previamente establecidos así como cos principios de democracia, transparencia e demais elementos esenciais a Podemos e sempre de acordo aos principios xerais do Dereito. As súas accións materializaranse aceptando, denegando ou propoñendo unha resolución, segundo as súas competencias, ao Consello de Coordinación ou á Asemblea Cidadá correspondente.

As resolucións da Comisión de Garantías Democráticas non son apelables e os efectos derivados das mesmas terán as aplicacións nelas descritas dende o momento que nelas se estableza.

A Comisión de Garantías Democráticas poderá establecer outros procedementos e regulamentos, públicos e previos, acordos cos principios revisados, para resolver da forma máis regulada posible aspectos concretos da súa actividade e unificar a súa actividade e a das Comisións de Garantías Democráticas territoriais

TÍTULO III: ESTRUCTURA TERRITORIAL

Artigo 30. Principios básicos

A estrutura territorial de Podemos replicará na súa organización interna a fórmula organizativa estatal. Neste sentido:

- As autonomías, as illas e os municipios con máis de 100 inscritos contarán cunha Asemblea Cidadá, un Consello Cidadán e unha Secretaría Xeral.
- Corresponderá ao Consello Cidadán territorial e ao/a Secretario/a Xeral correspondente, a representación xurídica de Podemos nese territorio.
- Os órganos autonómicos contarán cunha Comisión de Garantías Democráticas que actúe como instancia xurisdiccional intermedia, co obxecto de acelerar a resolución de conflitos locais e respectando á Comisión de Garantías Democráticas Estatal como última instancia para o recurso.
- Os municipios con menos de 100 inscritos contarán cunha Asemblea Cidadá e unha Secretaría xeral. Será potestade da primeira a constitución dun Consello Cidadán ou calquera outra forma de organización para o seu funcionamento interno.

CAPÍTULO 1. ASEMBLEAS CIDADÁS TERRITORIAIS

Artigo 31. Composición das Asembleas Cidadás Territoriais (Municipais e Autonómicas)

As Asembleas Cidadás Territoriais (Municipais e Autonómicas) estarán compostas polo conxunto das persoas inscritas en Podemos nos respectivos ámbitos territoriais.

Os órganos de Podemos deberán arbitrar os mecanismos para garantir o dereito á voz e voto a todos os seus membros nas Asembleas Cidadás Territoriais (ferramentas de participación, ferramentas de votación, retransmisións en streaming para seguir os momentos de deliberación presencial, puntos de votación non telemáticas, etc.).

As Asembleas Cidadás Territoriais non poderán deixar de convocarse respecto ás cuestións da súa competencia exclusiva e intransferible e, con carácter permanente, poderán convocarse para calquera asunto que se considere de especial relevancia

Artigo 32. Competencias das Asembleas Cidadás Territoriais

As Asembleas Cidadás Territoriais son o máximo órgano de decisión en Podemos no territorio e, polo tanto, correspóndelles autonomía respecto a todas as cuestións de especial relevancia para o conxunto da organización no devandito territorio, sempre que non contraveñan os principios xerais de Podemos nin as decisións dunha Asemblea Cidadá de ámbito territorial superior.

As decisións de calquera Asemblea Cidadá Territorial serán vinculantes e non poderán ser revogadas máis que pola mesma Asemblea Cidadá Territorial ou por outra Asemblea Cidadá de ámbito territorial superior.

Deberán velar por que ningún órgano sexa creado sen a aprobación da Asemblea Cidadá Territorial e asegurarse que os devanditos órganos se gobernen polos principios xerais de Podemos decididos na Asemblea Cidadá Estatal.

Artigo 33. Competencias exclusivas e intransferibles das Asembleas Cidadás Territoriais

Serán competencias exclusivas e intransferibles das Asembleas Cidadás Territoriais:

- 1.** Determinar a forma na que se traducirán os principios programáticos do programa de Podemos ao territorio.
- 2.** Elaborar, mediante un proceso de primarias abertas e cidadás, as listas electorais para optar a cargos públicos (dende o primeiro até o último candidato da lista) para as institucións de representación do seu respectivo orde territorial.
- 3.** Aprobar ou rexeitar calquera tipo de pacto ou alianza pre ou pos electoral para as institucións de representación desa orde territorial, sempre de forma suxeita aos principios xerais aprobados por Asembleas de orde superior.
- 4.** Aprobar os programas electorais definitivos (tras un proceso de elaboración participativo e o preceptivo informe de viabilidade económica) sempre de forma suxeita aos principios xerais aprobados por Asembleas de orde superior.
- 5.** Elixir un Consello Cidadán para o territorio, mediante un sistema de listas abertas corrixido con criterios de xénero. O Consello Cidadán do territorio é o máximo órgano do partido entre Asembleas Cidadás Territoriais.
- 6.** Revogar calquera dos membros do Consello Cidadán Territorial.
- 7.** Definir as funcións do Consello Cidadán Territorial.
- 8.** Elixir e revogar o/a Secretario/a Xeral no territorio mediante un sistema electoral de voto directo e definir as funcións.
- 9.** Elixir e revogar o Comité de Garantías Democráticas ou calquera dos seus membros no caso das Asembleas Cidadás Autonómicas.
- 10.** Aprobar os regulamentos organizativos territoriais e as súas modificacións.
- 11.** Definir as funcións e a forma de coordinación cos Círculos Sectoriais e de ámbito territorial menor ao municipio, en caso de que existan.
- 12.** Definir as funcións e a forma de coordinación con Asembleas/Consellos Cidadáns doutros territorios.

Artigo 34. Mecanismos para convocar as Asembleas Cidadás Territoriais

a) A Asemblea Cidadá será convocada con carácter automático para calquera dos asuntos referentes ás competencias exclusivas e intransferibles da Asemblea Cidadá. A organización técnica do proceso correspóndelle ao Consello Cidadán.

b) Con carácter permanente, respecto a calquera outro asunto que se considere relevante:

Poderá convocar unha **Consulta Cidadá** con carácter vinculante (ao conxunto dos inscritos nun territorio):

1. O/a Secretario/a Xeral.
2. Maioría simple do Consello Cidadán desa orde territorial ou superior.
3. Un 20 % dos inscritos en Podemos ou un 20 % dos Círculos validados nese territorio.

Poderá convocar unha **Consulta Revogatoria** con carácter vinculante (ao conxunto dos inscritos).

1. O/a Secretario/a Xeral.
2. Maioría absoluta do Consello Cidadán Estatal ou dese territorio ou superior.
3. Un 25 % dos inscritos en Podemos ou un 25 % dos Círculos validados nese territorio.

Poderá convocar unha **Asemblea Cidadá Extraordinaria (presencial)**:

1. O/a Secretario/a Xeral.
2. Maioría cualificada de 3/5 do Consello Cidadán desa orde territorial ou superior.
3. Un 35 % dos inscritos en Podemos ou un 35 % dos Círculos validados.

No caso de inicio dun procedemento de consulta por parte do corpo de electores, elixirase unha ponencia da Consulta/Asemblea Extraordinaria que deberá garantir que a proposta de debate estea avalada por cando menos dous técnicos cualificados na materia.

En calquera caso a Asemblea do territorio poderá instituír mecanismos adicionais para a súa convocatoria.

Artigo 35. Asemblea Cidadá Territorial (Ordinaria ou Extraordinaria).

Para a modificación substancial dos regulamentos organizativos territoriais e a elección completa dos órganos de dirección, será necesaria a convocatoria dunha Asemblea Cidadá Territorial (Municipal ou Autonómica) Ordinaria ou Extraordinaria que incluírá momentos de deliberación presencial.

En ningún caso poderán transcorrer máis de tres anos entre Asembleas Cidadás Territoriais. Unha vez transcorrido este prazo, a Asemblea Cidadá Territorial convocarase con carácter automático. A organización técnica do proceso corresponderalle ao Consello Cidadán Territorial. A Comisión de Garantías Democráticas velará polo cumprimento desta esixencia. A Asemblea convocada por este procedemento denominarase **Asemblea Cidadá (Municipal ou Autonómica) Ordinaria**.

En calquera momento, segundo os mecanismos establecidos no artigo anterior, poderá convocarse unha **Asemblea Cidadá Territorial Extraordinaria** coas mesmas competencias.

En ningún caso poderá transcorrer menos dun ano entre Asembleas Cidadás Territoriais Extraordinarias.

Artigo 36. Requisitos extraordinarios para os procedementos decisorios das Asembleas Cidadás Territoriais.

As Asembleas Cidadás Territoriais só poderán adoptar decisións en torno ás materias da súa exclusiva competencia e aquelas de especial transcendencia se o proceso de votación cumpre cos seguintes requisitos:

- Un quórum mínimo do 10 % dos inscritos de Podemos no territorio.
- Un proceso de votación, que será necesariamente telemático, cos debidos requisitos de anuncio, exposición pública do caso e debate que conte cun período de votación abondo.
- Nestes procesos de votación só poderán participar os inscritos de Podemos do ámbito territorial da correspondente Asemblea Cidadá.

De non lograr superar estes requisitos, a Asemblea e o Consello Cidadán Territoriais só poderán seguir adiante coa decisión previa consulta ao Consello Cidadán Territorial de ámbito inmediatamente superior e a aprobación desta en Asemblea Cidadá (presencial) Ordinaria.

Artigo 37. Consells Ciutadans Territorials (Municipals, Insulars i Autonòmics).

a) Composición:

1. O Consello Cidadán é o órgano de dirección política de Podemos no territorio
2. O Consello Cidadán estará composto polo número de membros que defina a súa Asemblea Cidadá na constitución das súas normas de funcionamento territorial
3. O/a Secretario/a Xeneral será membro nato do Consello Cidadán e presidirá as súas reunións

b) Competencias:

1. Desenvolver con funcións executivas as decisións aprobadas pola Asemblea Cidadá e aquelas conducentes a desenvolver a liña política de Podemos no territorio.
2. Convocar a Asemblea Cidadá do ámbito territorial correspondente tanto para todas as cuestións que resulten preceptivas como para calquera outra consulta, segundo o establecido no apartado "Asembleas Cidadás Territoriais".
3. Convocar, para cuestións de especial transcendencia, se o considera oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior.
4. Aprobar o orzamento e a rendición de contas de cada exercicio (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poida esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación).
5. Aprobar os orzamentos das campañas electorais e das actividades específicas do territorio para campañas de nivel estatal ou territorial.

CAPÍTULO 2. CONSELLOS CIDADÁNS TERRITORIAIS

Artigo 38. Mecanismos para convocar o Consello Cidadán

Os Consellos Cidadáns Territoriais poderán ser convocados en calquera momento:

- a) Por proposta do/a Secretario/a Xeral.
- b) A petición do 25 % do Consello Cidadán Territorial.
- c) A petición de 10 % dos inscritos en Podemos ou do 10 % dos Círculos desa orde territorial.

En ningún caso poderán transcorrer máis de tres meses entre dúas reunións plenarias do Consello Cidadán Territorial. O/a Secretario/a Xeral terá a obriga de convocar o Consello Cidadán antes de que transcorra ese prazo.

Artigo 39. Funcionamento do Consello Cidadán Territorial

O Consello Cidadán Territorial elaborará o seu propio regulamento de funcionamento interno (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poida esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación).

Artigo 40. Elección do Consello Cidadán Territorial

O/a Secretario/a Xeral será elixido por sufraxio universal directo da Asemblea Cidadá.

Os membros restantes elixiranse por un sistema de listas abertas cun criterio de corrección de xénero.

CAPÍTULO 3. SECRETARÍA XERAL TERRITORIAL

Artigo 41. A Secretaría Xeral Territorial (Municipal ou Autonómica)

a) Competencias:

- É o/a responsable da representación política e institucional do partido nese territorio.
- Convocar a Asemblea Cidadá do correspondente ámbito territorial, tanto para todas as cuestións que resulten preceptivas, coma para calquera outra consulta segundo o establecido no apartado de "Asembleas Cidadás Territoriais".
- Convocar, para cuestións de especial transcendencia, se o considera oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior.

b) Elección do/da Secretario/a Xeral Territorial

O/a Secretario/a Xeral Territorial será elixido/a por todos os membros de Podemos no territorio correspondente, mediante sufraxio libre e directo durante o transcurso da respectiva Asemblea Cidadá Territorial. Garantirase o dereito ao voto presencial e telemático.

TÍTULO IV: CÍRCULOS

CAPÍTULO 1. OBXECTO E DEFINICIÓNS

Artigo 42. Definición de Círculo

Os círculos son unha agrupación voluntaria e aberta no que converxen persoas interesadas por unha transformación social sustentada no respecto pola democracia, a dignidade e os dereitos humanos.

As fórmulas de relación dos círculos cos Consellos Cidadáns e as Asembleas axustaranse ao disposto nestes Estatutos e aos Regulamentos que cada Asemblea de orde territorial puideran acordar.

Os círculos son a mellor garantía para o control e avaliación dos órganos e dos cargos públicos de Podemos, vixiando contra a corrupción, a opacidade, pola participación e as garantías de todos os procesos.

Artigo 43. Sobre os Círculos Territoriais

Os Círculos terán autonomía para decidir sobre as súas fórmulas organizativas no exercicio das súas competencias e no marco do respecto a estes Estatutos e os regulamentos organizativos das Asembleas e Consellos Cidadáns dos territorios.

Artigo 44. Sobre a constitución dos Círculos

Os Círculos Territoriais con carácter xeral requiren para a súa constitución dunha asemblea constituínte na que participe polo menos o 1 % dos inscritos de Podemos nese ámbito territorial e, en calquera caso, un mínimo de 5 persoas.

O círculo territorial mínimo corresponderá co barrio.

Unha acta constituínte recollerá os procedementos acordados que rexerán o funcionamento do Círculo, que incluírán en calquera caso os dispostos nestes Estatutos.

Os Círculos Territoriais deberán atender, no seu funcionamento e coordinación con outros Círculos, os procedementos establecidos pola Asemblea e Consello Cidadán de orde territorial correspondente ou inmediatamente superior.

Artigo 45. Principio de non duplicidade

Non pode existir máis dun Círculo Podemos nun mesmo ámbito territorial.

En caso de duplicidade estrita ou suxeita a conflito por solapamento manifesto, a Área de Extensión escoitará aos Círculos implicados, determinará unha fórmula de resolución. Contra esta medida caberá recurso ante a Comisión de Garantías Democráticas que resolverá, oídas as partes, mediante o procedemento establecido.

Artigo 46. Garantías de validación

A Comisión de Garantías Democráticas asegurará, con carácter previo á validación de Círculos con competencias electorais, o cumprimento das disposicións destes Estatutos.

A Comisión de Garantías Democráticas poderá requirir información daqueles voceiros, candidatos, representantes, etc. que aparezan nas actas dos Círculos, establecendo, no seu caso e de forma previa, regulamentos de validación acordes cos principios xerais do dereito e a oportunidade política, especialmente con respecto ao sufraxio pasivo para participar nas primarias.

En caso de que se suscitasen dúbidas razoables por parte da Comisión de Garantías Democráticas, a Área de Extensión, outros Círculos ou membros de Podemos, sobre a viabilidade ou a correcta adecuación dun Círculo, algúns dos seus membros, propostas, voceiros, etc. en relación ao disposto nestes Estatutos, aos principios éticos aprobados ou aos principios políticos, a Comisión de Garantías Democráticas consultará á Área de Extensión, ao propio Círculo e a cantas instancias poidan ser de interese sobre estas, iniciando un expediente documental de validación que concluirá sempre coa decisión motivada e inapelable para cada caso concreto de Autorización ou Desautorización.

Poderá entenderse como silencio administrativo positivo e polo tanto validación positiva que non existise resolución da Comisión de Garantías Democráticas nun prazo de 30 días.

Artigo 47. Sobre a entidade xurídica dos Círculos validados

Co obxecto de facilitar a súa independencia administrativa e financeira, os Círculos validados poderán ter entidade xurídica propia no marco da estrutura partidaria. Esta personalidade xurídica será ben como Asociación ben como Delegación do partido, pero en ambos os dous casos con personalidade xurídica propia, contabilidade e CIF propios, representación legal propia, ficheiros de datos persoais propios e, en xeral, cumprirá autonomamente todas as obrigas derivadas da personalidade xurídica.

No caso dos círculos de inscritos/as residentes no estranxeiro o Consello de Coordinación deberá avaliar a viabilidade da devandita personalidade xurídica con carácter previo e conforme á lexislación española e estranxeira.

Os Consellos de Coordinación dos ámbitos superiores asesorarán e articularán formas de colaboración con estes Círculos sen asumir nunca como propias as súas obrigas legais.

A personalidade xurídica propia estará sempre suxeita, non obstante, ao cumprimento daquelas normas de rango xeral aprobadas polas estruturas de Podemos, en particular no marco da súa política de transparencia e financiamento, e requirirá da aprobación previa e posterior coordinación co Consello Cidadán de orde territorial inmediatamente igual ou superior

Artigo 48. Sobre os Círculos Sectoriais

Poderanse constituír Círculos Sectoriais ou Temáticos unicamente en áreas programáticas de Podemos ou en áreas profesionais recoñecidas.

Os obxectivos fundacionais dos Círculos Sectoriais son:

- Canalizar as aspiracións de movementos sociais, organizacións e persoas que comparten os obxectivos de Podemos, para convertelas en propostas de política pública.

- Prover de contido e orientacións técnicas e políticas aos órganos decisorios que se conformen en Podemos mediante estratexias, iniciativas e programas, a través de coñecementos específicos e especializados sobre o funcionamento e as características de institucións e axentes sociais relacionados co seu ámbito sectorial.
- Participar nas asembleas e círculos de Podemos achegando contidos e debates orientados á sensibilización, a difusión de coñecemento e propostas de actuación, especialmente en temas sectoriais e transversais.
- Establecerase un marco de relacións estable, unha canle e unha ferramenta telemática entre os círculos sectoriais naquelas temáticas, ámbitos ou sectores que lles compete.

O traballo dos círculos sectoriais organizarase de xeito prioritario:

- *Cara á sociedade:* coñecendo, consolidando e fortalecendo as relacións cos actores e axentes vinculados co seu sector de especialización.
- *Cara ao conxunto de Podemos:* asistindo técnica e politicamente aos Círculos naquelles ámbitos ou materias de converxencia e aos representantes de Podemos en áreas vinculadas ao campo de especialización.
- *Especificamente cara aos Círculos:* fortalecendo e expandindo o labor do Círculo con outras persoas afíns e con capacidades técnicas e políticas complementarias.

Artigo 49. Recoñecemento de Círculos Sectoriais

Un Círculo Sectorial Podemos require para a súa constitución e recoñecemento a redacción e publicación dun manifesto fundacional avalado cando menos por 10 persoas.

Artigo 50. Principio de non duplicidade de Círculos Sectoriais

Non pode existir máis dun Círculo Podemos nun mesmo ámbito sectorial. A pesares do dito, farase excepción a esta norma se los ámbitos sectoriais teñen especificidades territoriais ou institucionais.

Artigo 51. Garantías de recoñecemento de Círculos Sectoriais

A Comisión de Garantías Democráticas asegurará con carácter previo ao recoñecemento definitivo do Círculo Sectorial, e nun prazo non superior a 30 días dende que lles sexa comunicado, o cumprimento das disposicións destes Estatutos.

CAPÍTULO 2. COMPETENCIAS DOS CÍRCULOS

Artigo 52. Convocar consultas ás Asembleas Cidadás

a) Os Círculos Territoriais validados poderán convocar consultas á Asemblea Cidadá de calquera ámbito territorial mediante o seguinte procedemento:

1. Elaborar unha proposta escrita avalada por polo menos tres técnicos cualificados na materia.
2. Aval á proposta dun 20 % dos Círculos validados ou un 20 % da inscrición correspondente ao ámbito territorial do que se trate.

b) Pola súa banda, os Círculos Sectoriais poderán convocar consultas á Asemblea Cidadá de calquera ámbito territorial mediante o seguinte procedemento:

1. Elaborar unha proposta escrita avalada por polo menos tres técnicos cualificados na materia.
2. Aprobación da proposta por maioría cualificada de 3/5 do círculo sectorial.
3. Aval á proposta dun 20 % dos Círculos validados ou un 20 % da afiliación correspondente ao ámbito territorial do que se trate.

Artigo 53. Convocar debates nos Consellos Cidadáns

a) Os Círculos serán competentes para convocar debates nos Consellos Cidadáns.

b) Para tal efecto, os Consellos Cidadáns deberán articular mecanismos que garantan que os Círculos Territoriais poidan trasladar iniciativas ao Consello, a través de encontros presenciais e online, en particular sobre cuestións de específica sensibilidade territorial.

c) En calquera caso, os Consellos Cidadáns deberán atender a convocatoria de debates temáticos por parte dos Círculos validados que seguisen o seguinte procedemento:

1. Elaborar unha proposta de debate escrita avalada por polo menos dous técnicos cualificados na materia.
2. Aval á proposta dun 10 % dos Círculos ou un 10 % dos inscritos correspondente ao ámbito territorial do Consello Cidadán.

Artigo 54. Trasladar iniciativas en encontros temáticos

As Áreas dos Consellos Cidadáns que traten temas sectoriais deberán articular mecanismos que garantan que aqueles Círculos Sectoriais que pola súa especialización temática traten temas de interese homólogo poidan trasladar as súas iniciativas ás devanditas Áreas en encontros presenciais e online.


Artigo 55. Convocar debates temáticos nos Consellos Cidadáns

Os Círculos Sectoriais poderán convocar debates temáticos nos Consellos Cidadáns mediante o seguinte procedemento:

1. Elaborar unha proposta escrita avalada por polo menos dous técnicos cualificados na materia.
2. Aprobación da proposta por maioría simple do Círculo Sectorial.
3. Aval á proposta dun 10 % dos Círculos validados ou un 10 % dos inscritos correspondente ao ámbito territorial do Consello Cidadán.

Artigo 56. Consulta en matèries de la seva especial competència

El Consell Ciutadà, com a part del seu procés deliberatiu, haurà de consultar preceptivament als Cercles Sectorials en aquelles matèries que siguin de la seva competència, donada la seva especialització



CAPÍTULO 3. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS DOS CÍRCULOS

Artigo 57. Requisitos para participar nun Círculo Podemos

a) Os Círculos Podemos están permanentemente abertos á participación cidadá. Non é preciso estar afiliado ou ser inscrito de Podemos para participar nun Círculo.

b) Sen prexuízo do anterior, non se permitirán nos Círculos Podemos actitudes sexistas, xenófobas, autoritarias, homófobas, denigrantes, insultantes, acusacións ou caricaturas, difamacións nin violencia verbal ou física, así como ningunha actividade contraria á defensa dos dereitos humanos por parte de ningún dos seus membros.

c) Calquera persoa inscrita en Podemos poderá solicitar a asistencia da Comisión de Garantías Democráticas territorial ou, no seu caso, Estatal, para defender nun procedemento escrito e contradictorio, a prevalencia en calquera Círculo deste Estatuto e os principios fundamentais nel expresados.

Artigo 58. Sobre os procesos de toma de decisións nos Círculos

Os Círculos son soberanos para tomar decisións no seu ámbito territorial/sectorial, sempre que non contraveñan, e sexan por iso coherentes coa política xeral da organización, en particular coas decisións dos órganos electos de igual ou maior representatividade territorial.

Os círculos teñen entre as súas obrigas a tarefa de manter un contacto fluído e permanente cos distintos actores da sociedade civil, así como a de crear tecido social, e participar e impulsar os distintos movementos que, no ámbito de actuación correspondente, estean en sintonía coas formulacións de Podemos. Co obxecto de garantir este contacto e enriquecemento mutuo, os círculos tratarán de convocar, polo menos unha vez ao ano, unha Asemblea Social cos actores de movementos sociais do territorio.

Os Círculos farán públicas as convocatorias das súas asembleas presenciais e as ordes do día con antelación abondo, así como as actas aprobadas pola asemblea. Cando se produzan votacións haberá que consignar na acta polo menos os votos a favor, os votos en contra e as abstencións.

A elección dos órganos, espazos de traballo e Responsables de Áreas ou tarefas nos Círculos realizarase sempre en Asembleas presenciais, e existirán sempre mecanismos de revogabilidade.

Artigo 59. Garanties decisòries extraordinàries.

Atendendo á especial transcendencia e responsabilidade coa cidadanía dos Círculos validados, serán decisións extraordinarias as relativas a:

- Elección, modificación e revogación de responsables e órganos do Círculo.
- Modificacións de regulamentos internos sobre a organización do Círculo.
- Procesos electorais para a elección de voceiros ou responsables de comisións ou grupos de traballo.
- Aquelas que, pola súa transcendencia, puidesen definir ou afectar á imaxe pública de Podemos na localidade.

Nestes casos, o proceso de votación na Asemblea presencial non será válido se non supera os seguintes requisitos:

- Un quórum mínimo do 10 % dos inscritos de Podemos no territorio.
- Un proceso de votación que cumprirá cos debidos requisitos de anuncio, exposición pública do caso e debate.
- Un quórum mínimo do 50 % de votantes respecto aos que iniciaron a asemblea presencial.

De non lograr superar estes requisitos, a Asemblea do Círculo só poderá seguir adiante coa decisión logo de consulta co Consello Cidadán Territorial de ámbito territorial igual ou inmediatamente superior, ou mediante aprobación desta en consulta á Asemblea Cidadá de ámbito territorial igual ou superior.

Artigo 60. Sobre o exercicio de competencias dos órganos dos Círculos

a) Os órganos electos dos Círculos validados no exercicio das súas competencias deberán someterse aos mecanismos de control e transparencia recollidos nestes Estatutos ademais daqueles que se aproben pola propia Asemblea do Círculo e os Regulamentos aprobados por Asembleas de orde territorial igual ou superior.

b) A Asemblea do Círculo recoñecido é a única que pode apadriñar unha iniciativa en nome de Podemos, ou vetar que esta se leve a cabo no seu nome. Isto non exclúe que os membros de Podemos a título individual, e sen representar ao partido, poidan participar das iniciativas que consideren necesarias.

Se unha iniciativa dun Círculo afecta nalgún sentido á imaxe ou desempeño de Podemos no ámbito territorial dunha Asemblea e Consello Cidadán, estes serán competentes para avaliar esta e autorizar ou desautorizar o seu desenvolvemento.

c) Os grupos de traballo e comisións dos Círculos recoñecidos funcionarán seguindo o principio de máxima apertura, participación e transparencia. Neste sentido respectaranse as seguintes normas mínimas:

- 1.** Ningunha comisión, portavocía ou responsable de tarefas pode bloquear a iniciativa doutros compañeiros ou compañeiras, sempre e cando estas estean acordes aos principios e Estatutos de Podemos.
- 2.** Ningún compañeiro ou compañeira pode desempeñar as responsabilidades asignadas polo Círculo recoñecido de forma tal que limite a participación doutros, que se reserve información, etc. De acontecer isto, a asemblea pode revogar esa persoa da súa responsabilidade.
- 3.** Os grupos de traballo son abertos e participativos. Comunican o día, hora e lugar das súas reunións para que calquera persoa poida participar. Así mesmo, comunican as súas iniciativas para que calquera poida sumarse a elas.
- 4.** Cando algún membro de Podemos dun Círculo recoñecido sexa interpelado por un terceiro (outra organización, colectivo, etc.), debe comunicar a proposta que lle fan ao resto de compañeiros e compañeiras, en Asemblea presencial sempre que sexa posible, convidando a que outros poidan sumarse a esta.

d) Calquera membro dun Círculo poderá solicitar a asistencia da Comisión de Garantías Democráticas Territorial ou, no seu caso, Estatal, para defender nun procedemento escrito (e contradictorio), o cumprimento dos procedementos establecidos.

Artigo 61. Financiamento e transparencia nos Círculos Podemos

a) Os Círculos Podemos validados están obrigados a facer públicas as súas contas, medios de financiamento e uso de recursos económicos, a través de mecanismos accesibles á cidadanía, e cunha periodicidade mínima de seis meses. Isto sen prexuízo das obrigas adicionais que puidesen aprobarse pola Asemblea e o Consello Cidadán de orde superior, en particular no referente a obrigas de transparencia.

b) Os Círculos Podemos recoñecidos articularán os seus mecanismos de financiamento co Consello Cidadán Podemos orde territorial inmediatamente superior ao que deberán renderlle contas conforme ás normas xerais de transparencia de Podemos e aquelas específicas adoptadas pola Asemblea ou Consello Cidadán do ámbito territorial igual ou superior ao do Círculo validado.

c) Os procesos de contratación dos Círculos que excedan un 5 % do seu orzamento anual deberán ser publicitados e o Círculo arbitrará os medios para elixir, entre polo menos tres orzamentos, o que máis se adecúe ás súas necesidades.

d) O patrimonio do Círculo é inembargable e intransferible por calquera dos seus membros, pertence ao Círculo e esta circunstancia só pode alterarse pola disolución do Círculo.

e) Calquera membro dun Círculo poderá solicitar a asistencia da Comisión de Garantías Democráticas territorial ou, no seu caso, Estatal, para defender nun procedemento escrito (e contradictorio), o cumprimento dos principios de transparencia e incompatibilidades establecidos en cada Círculo e nestes Estatutos, así como a fidelidade contable e o cumprimento das obrigas das persoas responsables.

Artigo 62. Sobre a superación da perda de confianza entre membros do Círculo

a) En caso de que se producise a perda de confianza sobre un ou varios membros do Círculo, ou existan sospeitas fundadas sobre o comportamento dun compañeiro ou compañeira, deberase poñer en marcha un procedemento garantista, no que ao tempo que se expoñen con transparencia os motivos que levan á perda de confianza, se privilexie e garanta o dereito á defensa da persoa cuestionada.

b) Se algún compañeiro ou compañeira, en lugar de seguir este procedemento garantista, opta por difamar e xerar desconfianza sobre outro compañeiro sen garantir o seu dereito a se defender, estará a incorrer nunha falta grave na medida que se compromete gravemente a cohesión interna da organización.

c) Para a resolución de conflitos de perda de confianza o Círculo deberá poñer en marcha o procedemento de “Moción de confianza/revogatorio”:

1. Recoller sinaturas para iniciar o proceso de moción de confianza. En caso de que a moción de confianza sexa un proceso revogatorio das tarefas dun membro do Círculo, as sinaturas deberán superar o 20 % dos apoios que recibiu o membro do Círculo cando se lle asignou a tarefa.

2. Convocar unha asemblea específica para tratar o tema, con antelación mínima de 7 días, cunha hora e lugar de convocatoria claros, e cunha orde do día no que se especifique claramente o tema a tratar e no que se eviten outros temas propios do Círculo.

3. Garantir a presenza dun moderador/a aceptado por ambas as dúas partes, para facilitar o debate. En caso de que sexa necesario, os compañeiros e compañeiras da Área Estatal de Extensión de Podemos apoiarán neste labor.

4. Dar un tempo limitado (20 minutos aproximadamente) ás partes en conflito para expoñer as súas posicións. Tras as exposicións, a asemblea poderá facer preguntas ás partes. Non se trata dun debate, senón de aclarar dúbidas sobre as exposicións.

5. Tras iso, abrírase un proceso de votación dos membros da asemblea sobre se, efectivamente, a Asemblea perdeu confianza sobre ese compañeiro ou compañeira, ou pola contra a renova.

En caso de que a Asemblea perdese a confianza nese compañeiro/a, abrírase unha quenda de debate para acordar as medidas que se adoptarán, que en ningún caso implicarán a expulsión dun membro de Podemos, pero que si poderán incluír a suspensión temporal do seu dereito ao voto ou ao exercicio de determinadas funcións no Círculo, e/ou a revogación das súas funcións, se as tivese. O obxectivo das medidas debe ser sempre o de restituír as condicións de confianza interna no Círculo, á vez que se respectan os dereitos de todo membro de Podemos de recuperar a confianza perdida e seguir participando do partido en calquera das outras formas posibles non recollidas nas devanditas medidas.

d) Se tras este proceso algunha das partes encontrase vulnerados os dereitos recollidos nestes Estatutos na súa calidade de inscrito ou afiliado de Podemos poderá recorrer o procedemento á Comisión de Garantías Democráticas competente, que en calquera caso poderá actuar tamén de oficio.

Artigo 63. Sobre a disolución de Círculos

a) A Comisión de Garantías Democráticas elaborará un regulamento de aplicación destes Estatutos no referente á disolución forzosa dun Círculo en casos de incumprimento dos principios de Podemos.

b) En caso de disolución dun Círculo, o seu patrimonio pasará a formar parte do patrimonio do órgano territorial inmediatamente superior

TÍTULO V: ADMINISTRACIÓN E CONTROL DEMOCRÁTICO

Artigo 64. O exercicio económico do partido coincidirá co ano natural

O Consello de Coordinación elaborará, con periodicidade anual, o orzamento do seguinte exercicio. O devandito orzamento deberá ser aprobado polo Consello Cidadán con anterioridade ao inicio do exercicio económico.

Finalizado o Exercicio Económico, o Consello de Coordinación elevará un informe sobre a execución do presuposto ao Consello Cidadán, o cal aprobará ou denegará a devandita execución.

Artigo 65. O Interventor

O Consello Cidadán elixirá cada ano entre os seus membros un interventor de contas, que non poderá ser membro do Consello de Coordinación. A súa función será manter un control permanente sobre a xestión económica do partido.

Artigo 66. Acceso aos documentos económicos

Calquera membro de Podemos terá dereito a acceder a calquera documento económico en posesión do partido, coa única limitación do contido na Lei Orgánica de Protección de Datos.

Artigo 67. Réxime documental. Obrigas contables

O partido levará, ademais do Libro de Afiliados, os Libros de Actas, de Contabilidade, de Tesouraría, e de Inventarios e Balances, que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira. Realizaranse informes de transparencia detallados cunha periodicidade trimestral.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición Transitoria 1.^a O Consello Cidadán terá como tarefa prioritaria e urxente o impulso dos procesos constituíntes das estruturas territoriais. Para iso destinará recursos dispoñibles pola organización a facilitar os procesos electorais. Neste sentido e salvo que motivos técnicos así o impidan, cumprirase o seguinte calendario constituínte territorial.

Constituíntes Municipais:

- 16 de novembro ao 5 de decembro, presentación de candidatos/ás á Secretaría Xeral e Consellos Cidadáns. Os/as candidatos/as presentarán un proxecto político-organizativo para a organización no municipio como requisito fundamental.
- 6 de decembro a 25 de decembro, campaña electoral.
- 26 de decembro a 30 de decembro, votación.
- 2 de xaneiro, proclamación de candidatos.

Constituíntes Autonómicas:

- 7 de xaneiro ao 25 de xaneiro, presentación de candidatos/as á Secretaría Xeral e Consellos Cidadáns. Os/as candidatos/as presentarán un proxecto político-organizativo para a organización na Comunidade Autónoma como requisito fundamental.
- 26 de xaneiro ao 8 de febreiro, campaña electoral.
- 9 de febreiro a 13 de febreiro, votación.
- 4 de febreiro, proclamación de candidatos.

Disposición Transitoria 2.^a Ata a constitución das estruturas territoriais e, polo tanto, o nomeamento dos/as 17 Secretarios/as Territoriais correspondentes e o/a representante dos/as inscritos en Podemos residentes no estranxeiro, o Consello Cidadán estará formado polos 63 membros elixidos pola Asemblea, máis o/a Secretario/a Xeral como membro nato

Disposición Transitoria 3.^a Os Círculos Podemos que non cumpran con algún dos artigos deste protocolo dispoñen dun prazo máximo de dous meses dende a súa aprobación para adecuarse a este.

Disposición Transitoria 4.^a De oficio, ou a instancia de parte, a Comisión de Garantías Democráticas poderá actuar con carácter inmediato naqueles casos de incumprimento manifesto deste protocolo.

Disposición Transitoria 5.^a Naqueles casos nos que convivan dous Círculos en idéntico ámbito territorial, o proceso constituínte do Consello Cidadán en caso de existir e a elección do/da Secretario/a Xeral estará mediado pola Comisión de Garantías Democráticas.

Disposición Transitoria 6.^a O prazo establecido para o silencio administrativo positivo no Artigo 46 deste protocolo será de tres meses en lugar de 30 días durante os seis meses inmediatamente posteriores á Asemblea Cidadá.

Disposición Transitoria 7.^a O Consello Cidadán, no prazo de 6 meses, elaborará un regulamento de desenvolvemento destes Estatutos que incluírá un marco sancionador para casos de incumprimento.

Disposición Transitoria 8.^a O Consello Cidadán desenvolverá un réxime de incompatibilidades para o exercicio de cargo público ou organizativo. Este réxime incluírá incompatibilidades de orde persoal, civil e política e será de obrigado cumprimento para o exercicio do dereito ao sufraxio pasivo.

Disposición Transitoria 9.^a Co obxecto de facilitar a constitución de Podemos nos distintos municipios e, de forma provisional en tanto non se decida autonomamente noutro sentido, os Consellos Cidadáns municipais terán o seguinte número de membros

- Nos municipios con menos de 100 inscritos non será necesario elixir un Consello Cidadán.
- Nos comprendidos entre 100 e 200 inscritos 7 membros.
- Nos comprendidos entre 200 e 500 inscritos un Consello Cidadán de 11 membros.
- Nos comprendidos entre 500 e 1.000 inscritos un Consello Cidadán de 17 membros.
- Nos comprendidos entre 1.000 e 2.000 inscritos un Consello Cidadán de 21 membros.
- Nos municipios de máis de 2.000 inscritos un Consello Cidadán de 25 membros

Disposición transitoria 10.^a Co obxecto de facilitar a constitución de Podemos nas distintas autonomías, e de forma provisional en tanto non se decida autonomamente noutro sentido, os Consellos Cidadáns autonómicos terán 34 membros máis un Secretario Xera que actuará como coordinador.

ANEXO I: PROCEDIMENTOS DA ASEMBLEA CIDADÁ

O obxecto deste anexo é establecer o mecanismo concreto para que calquera persoa ou grupo de persoas, estando ou non nun círculo, poida lanzar propostas e que estas se concreten nunha iniciativa política se son apoiadas pola maioría; unha correa de transmisión que permita o fluxo a través do partido de vontades políticas concretas. A existencia dun mecanismo de democracia directa como este marca unha das diferenzas entre unha estrutura tradicional de partido e unha nova forma de facer política, e materializa a nosa aposta de que o poder o teña a cidadanía. Este regulamento detalla as fases que se haberán de seguir para levar á práctica calquera proposta xurdida a iniciativa cidadá.

FORMULACIÓN XERAL DO MECANISMO DE PARTICIPACIÓN E DECISIÓN:

Debe haber debate e información clara sobre o que se decide. Débese contar con toda a información necesaria para poder opinar, sen que a información estea nesgada ou sexa parcial.

A xente inscrita en Podemos decide directamente a través das votacións. Ningún grupo pequeno (aínda que sexan representantes) pode bloquear o que queira unha maioría de integrantes de Podemos. No proceso de debate é fundamental escoitar as posicións minoritarias, para poder así alcanzar resultados de máximo consenso.

Axilidade e eficacia na práctica. O mecanismo debe conseguir que regularmente haxa propostas que alcancen unha votación definitiva. É importante que non pase moito tempo dende que se lanza unha proposta ata que se aprobe.

EXPLICACIÓN DETALLADA DAS FASES DO MECANISMO DE PARTICIPACIÓN E DECISIÓN:

A) CONSULTA CIDADÁ:

Fase 1. Deliberación, debate e recollida de propostas

Calquera persoa, grupo de traballo ou círculo pode lanzar con carácter permanente cantas propostas considere oportunas a Praza Podemos, un espazo de deliberación totalmente libre e aberto onde calquera pode propoñer doadamente, dende dentro ou fóra de Podemos.

As propostas que sexan avaladas polo 0,2 % do censo (a través dos formularios habilitados para o efecto) ou un número equivalente de votos positivos en Praza Podemos, serán subidas á web para facilitar a súa difusión.

Fase 2. Recollida de avais e establecemento de prioridades

Todas as propostas subidas á web quedarán listadas para que calquera persoa inscrita en Podemos poida avalala dun modo seguro a través do seu código estable de votación.

As propostas que, por esta vía, obteñan o aval dun 2 % do censo serán remitidas o primeiro domingo de cada mes (para concentrar a difusión de propostas e facilitar a participación) ao conxunto dos/as inscritos/as e ao conxunto dos círculos para que expresen a súa conformidade ou non con que sexan tramitadas as propostas en cuestión. O aval dos inscritos realizarase a través da plataforma segura de votación (utilizando o código estable) e o dos círculos a través dos formularios de aval establecidos para o efecto.

As propostas que, nun prazo máximo de 3 meses, sexan avaladas polo 10 % do censo de inscritos/as ou polo 20 % dos círculos pasarán directamente á fase de tramitación e votación.

Fase 3. Busca de consenso e elaboración da proposta definitiva que será sometida a votación

A organización crea un grupo de traballo involucrando aos impulsores das propostas e outras persoas como xuristas, expertos, afectados, etc.

No prazo máximo dun mes, o grupo de traballo propón unha formulación concreta final. Se non houberse consenso para a formulación final, o grupo promotor presentará a súa proposta, e dende o grupo de traballo poderase presentar outra proposta alternativa

Fase 4. Votació final: el pas a l'acció

Concluída a fase 3, faranse públicas as propostas xa desenvolvidas nas súas formulacións finais e abrirase o proceso de votación a través da plataforma segura de voto. É tarefa do Consello Cidadán garantir a difusión pública suficiente para asegurar a máxima participación posible así como habilitar todos os medios técnicos para asegurar o correcto desenvolvemento das votacións.

Se na votación se aproba por maioría simple, a proposta pasará a executarse exactamente do xeito no que está formulada. A votación realizarase por voto directo. Só outra decisión votada directamente pola xente a través das mesmas fases poderá modificar nunha ocasión posterior o aprobado (asegurando que mecanismos indirectos non modifiquen estas decisións).

B) CONSULTA REVOCATÒRIA:

Fase 1. Solicitud de revogación

Calquera persoa, grupo de traballo ou círculo pode lanzar con carácter permanente solicitudes de revogación para calquera cargo electo de Podemos. As propostas deberán ser promovidas polo 1 % do censo (a través dos formularios habilitados para o efecto). Estas solicitudes serán subidas á web.

Fase 2. Recollida de apoios

As propostas subidas á web quedarán listadas para que calquera persoa inscrita en Podemos poida apoialas dun modo seguro a través do seu código estable de votación.

As propostas que, no prazo de 3 meses, obteñan o apoio dun 20 % dos/as inscritos/as ou o 25 % dos círculos validados serán sometidas a votación.

Fase 3. Votación

O Consello Cidadán encargarse de poñer en marcha o proceso de votación correspondente garantindo a difusión pública suficiente para asegurar a máxima participación posible así como habilitar todos os medios técnicos para asegurar o correcto desenvolvemento das votacións.

A votación realizarase por voto directo

C) ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA:

Fase 1. Solicitude de Asemblea Xeral Extraordinaria

Calquera persoa, grupo de traballo ou círculo pode solicitar a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria.

As propostas deberán ser promovidas polo menos polo 3 % do censo (a través dos formularios habilitados para o efecto). Estas solicitudes serán subidas á web.

En ningún caso poderá transcorrer menos de 1 ano entre Asembleas Cidadás Xerais Extraordinarias.

Fase 2. Recollida de apoios

Todas as propostas subidas á web quedarán listadas para que calquera persoa inscrita en Podemos poida apoialas dun modo seguro a través do seu código estable de votación.

As propostas que, no prazo de 3 meses, obteñan o apoio dun 25 % dos inscritos ou o 30 % dos círculos validados serán sometidas a votación.

Fase 3. Votación

